

## Arantza Portabales: "Que haxa rapazada que le en galego significa que non teñen medo de achegarse á lingua"

Arantza Portabales (Donostia, 1973) vén de ser recoñecida co Premio Clubes de Lectura, outorgado pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP co gallo da celebración do Día do Libro.

Laura Veiga 8 de maio de 2024

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/arantza-portabales-que-haxa-razapada-que-galego-significa-que-non-tenen-medo-achegarse-lingua/20240508064100197265.html>

### Que significa para vostede recibir este premio?

Eu só escribo para que alguén o lea. Saber que a xente dos clubs de lectura me está escollendo a min é marabilloso; e, en concreto, nos clubs dos centros escolares, cuxa función é a promoción da lectura. E despois está a segunda parte, porque eu sempre que podo intento ir e compartir con eles o que lles supuxo a lectura, e é unha experiencia moi agradábel. A rapazada é súper sincera: ás veces din que un libro non lles gustou ou que non lles gusta ler, pero moitas outras veces tamén me din que lles encantou, que o pasaron moi ben lendo, e esa é unha sensación moi boa. E sabes que é verdade porque tampouco teñen nada que perder.

Moitas veces parece que temos a sensación, como a tiñan os nosos pais con nós, de que antes era mellor, que agora non len e que están todo o día co móbil. Como se nós non estivésemos. E ademais non é certo: a rapazada le e moita incluso escribe. Para min, este é o premio do público, do "boca orella".

Tamén é moi importante o que vai nos libros, e para min a novela negra, como dicía Domingo Villar, é unha escusa para entrar no debate de moitas cousas. Desde estas historias podemos tratar a violencia de xénero, o abuso sexual ou o perigo das redes sociais.

### Tendo esta experiencia, como percibe a situación da lectura entre a mocidade?

Penso que é a mesma que a das persoas adultas. O móbil cómenos moitísimo tempo, a todas. E o máis preocupante é que nós estamos dispostas a renunciar a el. Ao final eu, cando era nena, tiña unha televisión con dous canais, un coa misa e o outro cunha carta de axuste durante 22 horas ao día. Non viaxábamos, non tiñamos internet. Os libros eran esa ventá para o mundo, eran o único que tiñamos. Agora iso perdeuse porque a oferta de ocio é moito máis ampla. Hai que esforzarse moito para que atopen a maxia da lectura.

O outro día estiven nun club da ONCE no que dixeron algo que me pareceu totalmente certo: "A literatura é moi especial, porque nun libro entramos todos en igualdade de condicións. Os que ven e os que non". A literatura permítenos sentir, e por iso tamén as emocións dos libros son superlativas –cando un sofre, sofre moito–. A literatura supón unha conexión coa parte máis racional e intelixente do ser humano, fai que non nos durmamos. Temos que defendela a capa e espada, e por iso é tan fundamental o labor que fan as bibliotecas escolares.

### **Aplica o mesmo ao caso concreto da literatura en galego?**

Eu teño a fortuna de vivir nun sitio onde se fala galego. Estou absolutamente segura de que a experiencia non é a mesma en Vigo ou na Coruña que en Compostela ou en Teo. Na miña contorna hai rapazada galegofalante que ademais vive a literatura en galego dun xeito máis normalizado. Non obstante, tamén é algo que acontece coa xente adulta: moita da que fala galego non le nesta lingua ben porque só estudaron en español ou ben porque non chegaron a completar os seus estudos. E coa rapazada dáse a circunstancia de que moita non fala galego, mais si o le.

Quizais parece un pouco deprimente esta perspectiva, mais para min é unha parte que temos gañada porque quere dicir que non teñen medo de achegarse á lingua. Para min, a mellor das frases, máis que "canto me gustou o teu libro", é "a ti sempre te leo en galego". Eu teño moito neolector, e iso paréceme marabilloso.